

**Acta núm. 07/2024.
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local
do 16 de abril de 2024.**

ASISTENTES:

José Antonio Vidal González.
María Rosa Romero Fariña.
Sandy Marie Cebral Gómez.
Non asiste: Carlos Noya Pereira.

Na alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 14.00 horas do 16 de abril de 2024, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde Pablo Lago Sanmartín e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 06/2024, DO 26/03/2024.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).
- 3º) LICENZAS DE OBRA MENOR.
- 4º) COMUNICACIÓN PREVIA (CAMBIO DE TITULARIDADE).
- 5º) DECLARACIÓN DE INEFICACIA COMUNICACIÓN PREVIA OBRA MENOR.
- 6º) LICENZAS DE OBRA MAIOR.
- 7º) PRÓRROGAS DE LICENZAS DE OBRA MAIOR.
- 8º) MODIFICACIÓN E ACEPTACIÓN DO ESPACIO DE CESIÓN DE VIAIS.
- 9º) ROGOS E PREGUNTAS.

PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 06/2024, DO 26/03/2024.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 26.03.2024, acta núm. 06/2024.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por NIEVES PADÍN SILVA, na que comunica que vai instalar unha piscina descuberta (10x4 m.) de tipo 3B, segundo a definición do Decreto 119/2019, polo que se regulan os criterios hixiénicos sanitarios das piscinas de Galicia, en Lamiño 66 – Brión.

A parcela (referencia catastral 66639A5NH2466N00001MI) atópase en solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 2 do PXOM (UC2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- A piscina situarase mínimo a 3 m. da aliñación, e de tódolos lindeiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 245,42 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 309,99 euros.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSÉ MANUEL DOSIL SABUGUEIRO, na que comunica que vai encintar un muro de mampostería situado no lugar de Forxán nº 3 –Viceso. O tramo a encintar ten unha lonxitude de 5.90 m., e está en contacto coa vía pública.

A parcela (referencia catastral 0271501NH2407S0001AW) onde se pretenden executar as obras está dentro do ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural para áreas consolidadas pola edificación da zona oeste, séndolle de aplicación a ordenanza nº 9 (NRO-1) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- O prazo para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 4,40 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 68,97 euros.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARÍA DEL CARMEN VIEITO MAYO, na que comunica que vai reparar a cuberta dunha vivenda sita no lugar de Ombre nº 4 – Viceso, substituíndo a actual cobertura de tella cerámica por outra das mesmas características, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da edificación.

A edificación (referencia catastral 0373813NH2407S0001FW) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural para áreas consolidadas pola edificación na zona oeste (NRO-1) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 47,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 111,57 euros.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Ricardo Pérez Bellón, que di actuar en representación de PEBEGASA, S.C., na que comunica que vai facer obras de reforma interior dunha nave de leite vacún existente na aldea de Pousada. As obras de reforma segundo a memoria técnica asinada polo enxeñeiro técnico agrícola Marcos García Vázquez en data 26.03.2024, consisten en:

- Acondicionar un espazo actualmente destinado a almacén de 440 m². para estabulación libre; con corredor de alimentación, cornadizas, arrobadera e cubículos individuais para o descanso do gando. A día de hoxe a nave establo ten un total de 84 cubículos individuais, engadindo 12 novos cubículos con esta actuación.
- A actuación sobre o silo existente de 208 m²., consistirá en eliminar o recheo que conforma a rampla do silo, co conseguinte aumento de capacidade do mesmo, tal e como se describe na documentación gráfica presentada.

A parcela (referencia catastral 0558406NH2405N0001HY) na se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural non consolidado pola edificación da zona oeste, séndolle de aplicación a ordenanza nº 9 (NRO-2) do PXOM, e está situada na aldea de Pousada, que está integrada dentro do catálogo de bens de interese cultural do PXOM, identificada coa clave: VE3 e VC5 (aldea e cruceiro de Pousada, e en base

ao artigo 44, apartado 2 da Lei 1/2019, de 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe do arquitecto municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- O prazo para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 1.240,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 1.304,57 euros.

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MANUEL CASAL FREIRE, na que comunica que vai trasladar un hórreo de tres claros sito no interior da aldea de Goiáns – Luaña, ata unha finca de natureza rústica sita nas inmediacións da mesma aldea.

A parcela de orixe (referencia catastral 8042602NH1484S0001ZJ) aséntase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 9 do PXOM (NRO-1) e sitúase dentro da aldea de Goiáns, integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM identificada como LE1, e a parcela de destino (referencia catastral 15013B507007290000MK) atópase dentro dun ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo rústico de protección agropecuaria (RC).

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, de data 07.02.2024 (expediente 3322/23), do informe da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural de data 26.03.2024 (expediente 2024/928000) e do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Cumpríranse as condicións recollidas na autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, de data 07.02.2024 (expediente 3322/23).
- O hórreo deberá de afastarse como mínimo a 6 metros do eixo da estrada que conduce á aldea de Cornanda, e a 4 metros do camiño interior que conduce ao monte e tamén como mínimo a 5 metros dos lindeiros particulares da parcela.
- O prazo para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 103,86 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 168,43 euros.

TERCEIRO-. LICENZAS DE OBRA MENOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Ana María Salgado López, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para

realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión para dar subministro eléctrico á vivenda sita no lugar do Rial nº 2, Os Ánxeles, abrindo unha gabia de 135 metros de lonxitude sobre un vial municipal, segundo proxecto asinado pola enxeñeira técnica industrial Susana Casais Pérez en data 01.04.2024.

A parcela sobre a que se actúa (referencia catastral 8440601NH2484S0001HY) emprazase dentro dun ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste (ordenanza nº 8 (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

.- Como garantía, imponse un aval bancario por importe de 2.080,31 €, que se imputará ao aval global número 0049-1600-41-2110110292, emitido por Banco Santander, S.A. e presentado no Concello o 07.05.2021, r.e. 2021000000128.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 416,06 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 480,63 euros.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por Ana María Salgado López, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión para dar subministro eléctrico a unha vivenda unifamiliar emprazada no lugar da Caxusa nº 17 - Bastavales, abrindo unha gabia de 14 metros de lonxitude sobre un vial municipal, segundo proxecto asinado pola enxeñeira técnica industrial Susana Casais Pérez, en data 06.03.2024.

A parcela sobre a que se actúa (referencia catastral 8410109NH2481S0001IM), aséntase sobre un ámbito de solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona este (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

.- Como garantía, imponse un aval bancario por importe de 239,30 €, que se imputará ao aval global número 0049-1600-41-2110110292, emitido por Banco Santander, S.A. e presentado no Concello o 07.05.2021, r.e. 2021000000128.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 47,86 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 112,43 euros.

c) Deuse conta dunha instancia presentada por Ana María Salgado López, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión para dar subministro eléctrico a unha vivenda unifamiliar (referencia catastral 6940501NH2464S0001GZ) emprazada no lugar de Estrar 43 – Os Ánxeles, abrindo unha gabia de 24 ml. de lonxitude sobre un vial municipal,

segundo proxecto asinado polo enxeñeiro técnico industrial Alejandro Fernández Reza, que conta con visado colexial de data de 26.04.2022 (expte.: 22200802).

A Xunta de Goberno Local, á vista da comunicación de declaración responsable de Augas de Galicia, de data 05.05.2022 (expediente DH.W15.85082), do informe do Servizo de Patrimonio Cultural de data 25.05.2022 (expediente 1371/22), e do informe favorable emitido polo arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

.- Como garantía, imponse un aval bancario por importe de 240,93 €, que se imputará ao aval global número 0049-1600-41-2110110292, emitido por Banco Santander, S.A. e presentado no Concello o 07.05.2021, r.e. 2021000000128.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 48,19 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 112,76 euros.

CUARTO .- COMUNICACIÓN PREVIA (CAMBIO DE TITULARIDADE).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Germán de la Fuente de la Morena, que di actuar en representación de VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES S.A, na que comunica o cambio de titularidade da licenza de ALMACÉN, dunha nave (referencia catastral 7522906NH2475S0001GL) sita en San Salvador.

A actividade viña funcionando anteriormente a nome de Gestcalor S.L, e preténdese poñer a nome de Valoriza Servicios Medioambientales S.A.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, toma coñecemento da comunicación efectuada poñendo a licenza de ALMACÉN, da nave (referencia catastral 7522906NH2475S0001GL) sita en San Salvador, a nome de Valoriza Servicios Medioambientales S.A., CIF: A-28760692.

QUINTO.- DECLARACIÓN DE INEFICACIA COMUNICACIÓN PREVIA OBRA MENOR.

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ANTONIO FARIÑA GARCÍA, na que comunica que pretende executar a apertura dun camiño que vai conectando unha serie de parcelas de natureza rústica, emprazadas nas inmediacións da aldea de A Telleira-Bastavales, para dar servizo a unha explotación gandeira. O novo trazado ten unha lonxitude aproximada de 655 metros de lonxitude e un ancho medio de 5 metros. O camiño executarase con grava compactada e sobre base compactada de árido.

As parcelas (referencias catastrais: 15013A050003610000UR, 15013A050003880000UO, 15013A050003870000UM, 15013A050003860000UF, 15013A050003850000UT, 15013A050003940000UD, 15013A050004200000UM), nas que se pretende executar a obra atópanse dentro dun ámbito clasificado polo PXOM como solo rústico de especial protección, concretamente de protección forestal (RF).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe desfavorable do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Iniciar o trámite para a declaración de ineficacia da comunicación previa para a construción dun camiño no lugar de A Telleira, posto que segundo informe do arquitecto municipal de data 04/04/2024, a comunicación previa presentada non cumpre os requisitos esixidos na lexislación urbanística vixente para constituír título habilitante para a execución de ditas obras.

2º) Advertir ao interesado de conformidade co disposto nos artigos 69 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, artigo 146 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e artigo 362 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, que establecen que unha vez se comprobe a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, de calquera dato ou información que se incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación, determinarase a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada desde o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houberse lugar.

3º) Conceder ao interesado un prazo de audiencia de dez días hábiles a contar dende o día seguinte ao da recepción da notificación correspondente a este acordo, a fin de que poida presentar as alegacións, xustificacións e documentos que estimen oportunos.

4º) Notificar este acordo ao interesado, facéndolle constar que contra o inicio do trámite para a declaración de ineficacia da comunicación previa de execución de obras, por tratarse dun acto de trámite, non cabe en principio recurso ningún, sen prexuízo de que poida interpoñer os que estime oportunos.

SIXTO.- LICENZAS DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por María del Rial Lourido Priegue, que di actuar en representación de SANDRA LÓPEZ LÓPEZ e JOSÉ MARÍA VILLAR NEO, solicitando licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar e piscina no lugar de Liñares nº 64 – Brión, segundo proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Francisco Javier Fernández Echeverría, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con datas 27.12.2023, e 18.03.2024 (anexo A), e documentación complementaria visada con data 02.04.2024 (expt. 2306518).

A parcela onde se van executar as obras (referencia catastral 5852817NH2455S0001MA) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural para as áreas non consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra axustarase estritamente ao proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Francisco Javier Fernández Echeverría, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con datas 27.12.2023, e 18.03.2024 (anexo A), e documentación complementaria visada con data 02.04.2024 (expt. 2306518).

- Como garantía da urbanización do espazo de cesión ao Concello dos terreos destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento (cesión aceptada pola Xunta de Goberno Local de data 20.11.2018 coa licenza de segregación concedida para a parcela con referencia catastral nº 5852804NH2455S0001WA), que implica a pavimentación do espazo de cesión en todo o fronte da parcela (soleira de formigón de cor, a recollida de pluviais con tubo de sección 40 cm. e a canalización do alumeado público), deberán aportar aos efectos aval ou fianza en metálico por un importe de 900,00 €, que os interesados deberán presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.

- A obtención da licenza para a construción da vivenda unifamiliar e instalación de piscina non implica licenza para o peche, para o que deberá facer novas solicitudes.

- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación aos interesados do outorgamento da licenza.
- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Unha vez rematadas as obras deberá presentar a correspondente comunicación previa de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 146.1. f) e g) da Lei 2/2016, do solo de Galicia).

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 3.341,12 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 97,13 euros.

Total: 3.438,25 euros.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por Luis Ruibal Rodríguez, que di actuar en representación de HERMINIO GÓMEZ PARDIÑAS, solicitando licenza para a reforma e ampliación dunha vivenda unifamiliar en Lamiño 32 – Brión, segundo o proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Luis Ruibal Rodríguez, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 20.11.2023 e 22.02.2024 (expte. 2305914).

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 6760706NH2466S0001HO) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 2 do PXOM (UC-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra axustarase estritamente ao proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Luis Ruibal Rodríguez, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 20.11.2023 e 22.02.2024 (expte. 2305914).

- Como garantía da urbanización do espazo de cesión ao Concello dos terreos destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento (37,76 m²), que implica a pavimentación do espazo de cesión en todo o fronte da parcela (soleira de formigón de cor en 1,80 metros de ancho, a execución das conexións de abastecemento e saneamento, a recollida de pluviais con tubo de sección 40 cm. e a canalización do alumeado público), deberán aportar aos efectos aval ou fianza en metálico por un importe de 900,00 €, que os interesados deberán presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.
- A obtención da licenza para a reforma e ampliación da vivenda unifamiliar non implica título habilitante para o peche, para o que deberá facer unha comunicación previa.
- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.
- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorsearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Unha vez rematadas as obras deberá presentar a correspondente comunicación previa de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 146.1. f) e g) da Lei 2/2016, do solo de Galicia).

Asemade, acórdase tamén por unanimidade, consonte co informe da arquitecta municipal, a aceptación da cesión efectuada de: 37,76 m². destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento, previstos no artigo 20.a) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que se formulou en documento administrativo con data 10 de abril de 2024.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 2.108,57 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 115,57 euros.

Total: 2.224,14 euros.

SÉTIMO.- PRÓRROGAS DE LICENZAS DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Rosa María Facal Varela, que di actuar en representación de SILVINO REY FERNÁNDEZ, na que solicita prórroga do prazo para rematar as obras de construción dunha vivenda unifamiliar en Trasouteiro nº 14 – Brión.

A Xunta de Goberno Local en data 27/04/2021 concedeu licenza de obras a Silvino Rey Fernández e María Josefa Souto Souto, para construír unha vivenda unifamiliar en Trasouteiro 14, parroquia de Brión, segundo modificado do proxecto básico e de execución de vivenda

unifamiliar, asinado pola arquitecta Rosa María Facal Varela, visado con data 17.03.2021 polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido polo arquitecto municipal, acorda por unanimidade:

1º) Conceder unha prórroga de 3 anos, contados desde o día seguinte ao da notificación ao interesado deste acordo, para o remate das obras.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por JOSÉ MANUEL LÓPEZ GARRIDO, na que solicita prórroga do prazo para o inicio das obras de construción dunha vivenda unifamiliar no lugar de Tourís nº 10 – Luaña.

A Xunta de Goberno Local en data 10/10/2023 concedeu licenza de obras a JOSÉ MANUEL LÓPEZ GARRIDO, para construír unha vivenda unifamiliar en Tourís 10 - Luaña, segundo proxecto de execución redactado polos arquitectos Cecilia López Muiños e Juan José Otero Vázquez.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido polo arquitecto municipal, acorda por unanimidade:

1º) Conceder unha prórroga de 6 meses, contados desde o día seguinte ao da notificación ao interesado deste acordo, para o inicio das obras.

OITAVO.- MODIFICACIÓN E ACEPTACIÓN DO ESPACIO DE CESIÓN DE VIAIS.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por MARTA MOREIRA VILAR e ANDRÉS NÚÑEZ GONZÁLEZ, na que solicitan a modificación e aceptación da cesión de vias cedidos ao Concello na licenza de obra outorgada pola Xunta de Goberno Local do 28.07.2020, para construír unha vivenda unifamiliar no lugar de Guitiande 54, Os Ánxeles, segundo o proxecto de execución asinado polo arquitecto David Fernández Nogueira, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 16.04.2020 e a documentación complementaria visada o 09.07.2020 (nº expte. 2001794), para a incorporación expresa da aceptación da cesión dos terreos situados fora das aliñacións segundo plano de emprazamento asinado polo arquitecto David Fernández Nogueira en data 03.01.2024, que modifica ao plano de emprazamento licenciado por un erro na medición, que pasa a ser de 129,00 m²., sen afectar ás condicións de edificabilidade e ocupación.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, acorda por unanimidade:

1º) Aceptar a modificación e a cesión efectuada de 129,00 m²., destinados a vias fora das aliñacións establecidas no planeamento, previstos no artigo 20.a) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que se formulou en documento administrativo con data 10 de abril de 2024.

NOVENO.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

O señor alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo ás 14,35 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González